



O “INEXISTENTE” PARQUE TECNOLÓXICO DA VILAVELLA

Xunto coa creación de 1.500 postos de traballo, o chamado Parque Tecnolóxico da Vilavella foi unha das bandeiras electoriais do PSOE das Pontes. Mais, que foi do proxecto estrela?; alguén recorda un especial da tv local para dar explicación da súa situación actual?.

Logo de case que dous anos de solicitudes e de dificultades de acceso aos expedientes, *sorprendentemente* incompletos, o BNG é quen de informar aos veciños e veciñas sobre dos resultados desa promesa do PSOE, nunca realizada pero que tivo un importante coste económico:

- ✓ gastou case **2.000.000€**, dos que só **370.000€** foron de subvención a fondo perdido;
- ✓ tivo que devolver máis de **740.000€** da axuda e pagar máis de **80.000€** de intereses demora;
- ✓ contratou unha empresa por **100.000€** para elaborar, nuns **6 meses**, a documentación urbanística, e resolveu o contrato **5 anos** despois, sen rematar;
- ✓ tiña que desenvolver **1.840.000m²**, pediu axuda para **840.000m²**, e comprou uns **290.000m²**, eso sí, con axilidade, en menos **dun mes**!!!;
- ✓ non solicitou **certificados negativos** do Rexistro da Propiedade para evitar comprar parcelas a quen non lles pertencía; algunhas das mercadas estaban a ser investigadas polo Catastro;
- ✓ tampouco fixo **medicións** dos predios, necesarias xa que as escrituras indicaban maior superficie das que indicaba o Catastro;
- ✓ as diferenzas solventounas de xeito **discriminatorio**: a algúns pagoulles a maior cantidade posíbel collendo a superficie das escrituras (nalgún caso un 563% máis), mentres que outros cobraron pola certificación catastral (con casos dun 51% menos que polas escrituras);
- ✓ na actualidade, propietarios que non tiñan acreditada a titularidade e que cobraron un 128% máis, non teñen pagado o imposto municipal (**plusvalía**);
- ✓ o PSOE mercou solo industrial, mais tamén rústico, todo ao mesmo prezo;
- ✓ todos os informes técnicos (xurídicos, económicos, administrativos) foron **desfavorábeis**;
- ✓ Un **ano** antes de comprar os terreos, a empresa que xestionaba a documentación, realizaba outro informe no que concluía “... oportuno proceder á procura dunha posible alternativa de ubicación (Aparral)...”.

Resultado final: nen ampliación de Penapurreira, nen Parque Tecnolóxico da Vilavella, nen Polígono de Aparral, e se viñeran empresas?.

--oo0oo--

Se queres recibir o Voceiro do BNG no teu correo electrónico, envíanos a túa solicitude a: **aspontes@bng-galiza.org**